

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día dezaseis de febreiro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, dona M^a Victoria Amor Prieto, do BNG.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do proxecto de “Renovación de redes de servizos e seguridade viaria na AC-214 tramos P.K. 4+100 ao 4+430 marxe esquerda e do 6+100 ao 6+270 marxe dereita, Cambre”, co fin de que sexa incluído no “Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo do día 16 de febreiro de 2015.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD e concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, explica que se trata de facer unha renovación da rede de servizos e seguridade viaria nos tramos entre a igrexa de Pravio e a autoestrada, na marxe dereita, e no Drozo, na marxe esquerda o mesmo tema. Consiste nas canalizacións tanto de saneamento como de pluviais, renovación de abastecemento e unha senda peonil.

Engade que o orzamento para este investimento é de 222.896,74 euros e o resto, porque o PAI é un total de 305.372,22 euros, pois o resto, que son 82.475,48 euros, vai destinado á redución de endebedamento, debido a que así o dispoñen as bases da convocatoria do plan.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, en primeiro lugar, eles tamén entenden que son unhas obras necesarias, de feito a renovación de redes de servizos e seguridade viaria no tramo entre o punto quilométrico 4+100 ao 4+430, xa o tiñan proposto eles como un rogo á hora de que se dinamizara esa obra e se levara a cabo á maior brevidade, xa o teñen presentado nun pleno.

O que non poden entender é como aínda a día de hoxe, esta mañá, antes do comezo das comisións ás 11:00 da mañá, se lles fai entrega do informe técnico do enxeñeiro municipal e dos permisos das diferentes administracións que van facer viable a execución desta obra. Entenden que, unha vez máis, o Goberno municipal fai unha demostración de escurantismo, non se lles ten consultado sobre a execución da obra, nin sobre a súa idoneidade en canto á execución do proxecto, e teñen dúbidas de que nalgún momento non poida xurdir algún problema na súa execución, polo tanto, o seu voto vai ser de abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que en principio querían expresar a súa protesta por convocar o pleno dos orzamentos un día como hoxe, un luns véspera de festivo, e ás 13:00 horas. Parécelles indecente pola súa parte, debido a que moitos dos veciños non poden asistir a este horario, como ben é sabido por todos.

Respecto do PAI, di que eles van votar a prol. Parécelles un bo proxecto, cren que é importante e interesante para Cambre, aínda que lamentan que non sexa a Xunta de Galicia quen faga este proxecto, e eses 200.000 euros dedicalos a outros proxectos que lles virían mellor a todos os veciños e veciñas de Cambre.

Tamén queren protestar, unha vez máis, porque incumpren as regras do xogo sistematicamente. Teñen un Regulamento orgánico municipal, que son as regras do xogo democrático, e ese regulamento dilles que, unha vez que convoquen o pleno, os concelleiros teñen que ter á súa disposición toda a documentación para ese pleno. Unha vez máis non teñen a documentación para poder estudala con detalle. Hoxe, como ben dixo o voceiro do PSdeG-PSOE, ás 10:45 horas da mañá chegaronlles cos últimos informes. Cren que a improvisación foi o que levou a traer isto a última hora, ás presas e correndo pero, aínda así, cren que o proxecto é importante para Cambre e van votalo a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el igual que os compañeiros que o precederon quere dicir que é lamentable que recibiran os documentos hoxe ás 10:45, lamentable e cando menos reprochable que os informes lles cheguen tarde. Dicir tamén que este non é un plan de investimento real, é un plan de financiamento da Deputación, onde o concello ten para devolver os cartos ata o ano 2017, o que vai provocar que a capacidade de investimento de Cambre se reduza, porque van ter que destinar a iso un diñeiro que lle debía corresponder a outra administración, como é a Xunta de Galicia, que é a que realmente debería actuar nunha estrada que é da súa titularidade.

Tamén teñen que reprochar que non tiveron antes coñecemento deste plan, a pesar de ser un tema que trouxeron consecutivas veces. Cre que foron oito veces as que o grupo de EU o trouxo aos plenos desta lexislatura e doutras anteriores, á parte de que foi motivo dunha interpelación na Xunta de Galicia polo grupo parlamentario de AGE, a iniciativa do grupo de EU de Cambre. Pero como dicía antes, o alcalde non se dignou, nin na xunta de voceiros pasada, nin nestes días, a dicirlles que había este plan, coa posibilidade de que puidera chegar ao pleno consensuado.

Por outra parte, ven neste plan que se actúa en tres lugares distintos, pero que queda un pouco coxo, baixo o seu punto de vista, porque nalgúns sitios non se contempla un paso de peóns, como pode ser na zona de Fabás ou na zona da estrada da Castellana, concretamente no lugar denominado Freande, onde os veciños de Cambre teñen insistido multitude de veces nesa necesidade, incluso presentaron no concello máis de 400 sinaturas, co fin de que se fixera un paso de peóns para poder comunicar Bellavista co lugar de en fronte.

Por último quere de dicir que eles están de acordo neste plan, porque lembra que é unha vella reivindicación dos veciños de Pravio e, en consecuencia, do seu grupo municipal. Cren que é necesario, pero como dixo antes, tamén cre que queda coxo e que se debería actuar noutros lugares. Conclúe dicindo que o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, dá os bos días, e di que neste caso non boas tardes, porque o Goberno, incumprindo o Regulamento orgánico municipal convoca este pleno en horario de mañá, na metade das festas do Entroido, para dificultar á xente asistir a esta sesión plenaria, que é, en circunstancias normais, a sesión plenaria máis importante do ano. Despois aprobarán, impulsarán e venderán nos medios de comunicación diversos regulamentos, procesos e programas de participación cidadá que non



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

teñen a máis mínima credibilidade a ollos do BNG, toda vez que amosan este respecto polas regras de xogo democrático.

Continúa dicindo que eles van votar a prol desta proposta que traen respecto de Pravio, van facelo por responsabilidade. Son un grupo que está na oposición, pero teñen unha responsabilidade de cara a este concello e de cara aos seus veciños, ás veces por riba incluso dos seus abusos e do mal que fan determinadas cuestións, e fala principalmente do acceso á documentación neste asunto, non dubidando de ningún modo do traballo, moitas veces copioso, como foi neste caso, do Sr. concelleiro de Obras, pero si que o mínimo é que se cumpran os prazos que eles mesmos se dan á hora de traer os asuntos a pleno. Van votar favorablemente, porque entenden que é unha obra que beneficia aos veciños e ás veciñas de Pravio, aos veciños e ás veciñas de Cambre, e van facelo porque senón esta obra perigaría.

E di que relaciona este argumento co dos orzamentos xerais que votarán despois. Dille ao Sr. alcalde que anda polo Concello de Cambre adiante, meténdolle medo aos veciños, dicíndolles que se non se aproban os orzamentos pouco menos non vai saír o sol o día de mañá, e non é así, van demostralo despois, pero neste caso entenden que si que é preciso, loxicamente é preceptivo que isto saia adiante, por iso o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que pode estar de acordo en parte nalgúns declaracións que fixeron os voceiros que lle precederon na palabra. Efectivamente a última documentación ténselles dado hoxe a última hora, pero tamén é verdade e é certo que o concelleiro de Obras llelo ten explicado aquí en comisións, hai un par de horas, cal tiña sido o motivo de darlles hoxe esa documentación.

En canto ao día do pleno, é un pleno extraordinario, e el imaxina que, sendo un pleno extraordinario, o alcalde ten potestade para convocalo á hora que queira, e é verdade que é luns de Entroido, pero que el saiba é un día lectivo, o mesmo que foi o 23 de decembro e aquí estiveron nun pleno o 23 de decembro e non había ningún problema. El cre que tampouco debería haber ningún problema para celebrar un pleno un luns de Entroido.

Conclúe dicindo que as obras dende logo son necesarias para os veciños e, polo tanto, o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que efectivamente os informes técnicos foron feitos hoxe, unha vez que onte recibiu as últimas cesións dos veciños para poder executar as obras. Os informes técnicos déronse hoxe, pero o proxecto si que o tiñan os concelleiros cando se convocou o pleno. Outra cuestión é que efectivamente faltaba algunha documentación deste tipo, como dixo nas comisións el estivo dende antes do Nadal traballando para conseguir todos os permisos dos veciños, son un lote de veciños e son un lote de veces as que tivo que ir falar con eles, e pide desculpas por traelo con esta présa.

Explica que o feito de ter que traelo hoxe é que isto está vinculado á aprobación dos orzamentos, segundo o informe do interventor, e isto ten que presentarse en Deputación como moi tarde o 18, que é pasado mañá, e mañá e festivo en Cambre, por iso ao mellor parece un pouco estraño, pero a súa intención foi, dende un primeiro momento, ter dende o antes posible todos os permisos, todas as autorizacións das administracións, etc., pero por causa do que acaba de comentar das cesións dos veciños, que ata onte non as tivo todas, foi hoxe cando se fixeron os informes a primeira hora da mañá e, tan pronto como foi posible, llelos pasaron.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE.

A Corporación, por quince votos a prol, acordou:

Aprobar o proxecto de “Renovación de redes de servizos e seguridade viaria na AC-214 tramos P.K. 4+100 ao 4+430 marxe esquerda e do 6+100 ao 6+270 marxe dereita, Cambre”, cun importe de 222.896,47 euros, co fin de que sexa incluído no “Plan de Aforro e Inversión (PAI) 2015.

2º Proposta de aprobación dos Orzamentos xerais e cadro de persoal para o exercicio 2015

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 9 de febreiro de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“Confeccionado o proxecto de Orzamento xeral do Concello de Cambre para o exercicio 2015, que inclúe exclusivamente o do concello.

Visto que a súa estrutura orzamentaria axústase ás normas contidas na Orde de 3 de decembro de 2008 do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA73565/2008), publicada no BOE número 297, do 10 de decembro, aplicable aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2010 e seguintes, modificada pola OM HAP/419/2014 do 14 de marzo.

Visto que o estado de gastos recolle os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles durante o ano 2015 e o estado de ingresos as previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar.

Visto que o orzamento xeral contén toda a documentación prevista na lexislación vixente.

De conformidade cos artigos 168 do Real decreto legislativo 2/2004 (TRLFL) e 90 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento xeral do Concello de Cambre para 2015, que ascende a un importe de 15.505.000,00 euros, co seguinte resumo por capítulos:

<u>CAPÍTULO INGRESOS</u>	TOTAL	<u>CAPÍTULO GASTOS</u>	TOTAL
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	5.468.206,62	1 GASTOS DE PERSOAL	5.766.153,06
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	100.000,00	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	6.358.612,63
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.796.659,37	3 GASTOS FINANCEIROS	72.814,48
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.972.657,05	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.141.759,98
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	2.500,00		
Total Operacións Correntes	14.340.023,04	Total Operacións Correntes	13.339.340,15
OPERACIÓNS DE CAPITAL		OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVERSIONS REAIS	0,00	6 INVERSIONS REAIS	1.521.071,74
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	675.171,51	7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	16.000,00
8 ACTIVOS FINANCEIROS	13.610,00	8 ACTIVOS FINANCEIROS	13.610,00
9 PASIVOS FINANCEIROS	476.195,45	9 PASIVOS FINANCEIROS	614.978,11
Total Operacións de Capital	1.164.976,96	Total Operacións de Capital	2.165.659,85
TOTAL INGRESOS	15.505.000,00	TOTAL GASTOS	15.505.000,00

Segundo: Aprobar as bases de execución do Orzamento para 2015.

Terceiro: Anular as modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado ata a aprobación definitiva do orzamento, que se teñan por incluídas nos créditos e previsións iniciais do orzamento de 2015.

Cuarto: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o Pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento xeral do concello para o 2015.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 16 de febreiro de 2015.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que traen hoxe a votación polo Pleno os orzamentos municipais para o exercicio 2015. Trátase do cuarto orzamento que someten a debate da Corporación. O documento do 2015 vén caracterizado por unha clara contención do gasto corrente e polo incremento dos gastos sociais, a preocupación polo fomento do emprego e polos investimentos. É un orzamento equilibrado, en gastos e en ingresos, por un importe de 15.505.000 euros, o que supón unha redución dun 3,4% respecto do orzamento do exercicio do 2014. Redución que vén basicamente motivada polo compromiso de modificar á baixa os tributos vinculados á nova ponencia de valores, para que os veciños de Cambre non vexan incrementado o seu recibo da contribución. Para poder cumprir con ese compromiso e que as cargas impositivas non sexan superiores nese sentido, é necesaria unha xestión máis contida do gasto dende este mesmo exercicio.

Con esa redución orzamentaria do 3,4% asegurarán un maior control do gasto, un cumprimento máis rigoroso do período medio de pago a provedores, un maior remanente de tesourería e, en consecuencia, un mellor resultado orzamentario.

Di que cumpre o presente documento co principio de estabilidade orzamentaria, coa regra de gasto e co límite de débeda. Cabe dicir nese sentido que hai catro anos o déficit do Concello de Cambre era de 627.000 euros. Tras estes anos no municipio xa non cabe falar de déficit orzamentario, senón de superávit, o cal tenlles permitido non ter que recorrer a plans de axuste, así como poder concertar operacións de préstamo para financiar novos investimentos.

O mesmo cabe dicir respecto da débeda municipal, que se rebaixa en máis de 125.000 euros, a pesar de que o seu gasto en investimento é bastante elevado.

Unha das promesas do alcalde, na súa toma de posesión, foi apostar polas políticas sociais, que é o que actualmente demandan os veciños. Se toman como referencia o orzamento do ano 2011, cando o Partido Socialista gobernaba co BNG, poden constatar como dende a chegada do actual grupo de goberno, o gasto en Servizos Sociais non fixo máis que crecer. No orzamento do 2011 consignábase unha partida destinada a emerxencia social cun importe de só 57.000 euros, xa en plena crise económica. Actualmente a dita partida de emerxencia social está dotada con 170.000 euros.

Tamén en plena crise económica eran ignoradas as partidas destinadas ao emprego. A cantidade consignada eran en 2011 de menos de 45.000 euros, e unicamente se destinaba a algún que outro ciclo formativo. Hoxe, en 2015, o orzamento municipal destina a iso máis de 200.000 euros de fondos propios, porque hai que ter en conta que os principais programas de emprego veñen subvencionados por outras administracións públicas.

Continúa dicindo que centrándose no orzamento que pretenden aprobar para o 2015, quere destacar del a súa capacidade e a súa idoneidade para facer fronte, da mellor maneira posible, aos problemas e demandas dos veciños de Cambre, así garántense nel os mantementos e reparacións necesarios das redes de saneamento e abastecemento, a conservación e limpeza das vías públicas e dos parques e xardíns, así como o mantemento dos edificios públicos, sociais, culturais e de ensinanza.

No que se refire á área de Servizos Sociais, auméntase a partida destinada a emerxencia social, mantéñense todos e cada un dos convenios coas asociacións que apoian aos grupos sociais máis desfavorecidos, e auméntase o gasto en dependencia con respecto a 2014.

En Educación apóstase claramente pola conciliación da vida laboral e familiar das familias a través de programas como o Mañanceiro, que incrementa o seu orzamento considerablemente, dos campamentos urbanos de verán, que contarán por primeira vez con servizo de comedor, do programa de bolsas de estudo e a través da renovación de todos os convenios coas diferentes Anpas do municipio.

Por primeira vez, dende a área de Servizos Sociais créase unha subvención específica para aquelas mulleres que sofren a violencia de xénero, para que teñan maiores posibilidades de acceder a un posto de traballo. A través desa nova partida subvencionarán a aquelas empresas que contraten a esas mulleres a partir deste mesmo ano.

Renovan o seu compromiso coas empresas e co comercio local, ampliando de seis meses a un ano as subvencións do Cambre Emprende, e incrementando en máis dun 15% os importes destinados a promoción económica, que lles permitirán seguir realizando campañas e iniciativas novas, así como a dinamización da feira tradicional de Cambre.

A xuventude e o deporte ocupan un lugar máis que destacado no documento que presentan. Incrementábase a partida para programas xuvenís, que permitirá poñer en marcha algunhas novas iniciativas. Renóvanse os convenios cos clubs deportivos e garántense orzamentariamente o mantemento e reparación das instalacións deportivas. Pero, sobre todo, van dar cumprimento a actuacións aprobadas en sesións plenarias, como a renovación do campo de fútbol do Brexo-Lema, ao que se referirá ao falar dos investimentos.

A cultura e o ocio son fundamentais para o benestar e para o desenvolvemento persoal, e forman parte da vida cotiá municipal, polo que este orzamento mantén todas e cada unha das actividades culturais programadas estes últimos anos. Mantén os convenios coas asociacións sen ánimo de lucro, coa escola de música Sementeira e coas comisións de festas, así como as actividades de fomento da lectura, festas patronais e festivais tradicionais.

Moitas son as obras que demandan os veciños, polo que no capítulo de investimentos intentouse dar resposta a todas aquelas obras e adquisicións que tanto por motivo de urxencia, como pola intensa demanda veciñal, sen dúbida contribuirán a ir mellorando e avanzando en servizos e dotacións. O importe total dos investimentos para o 2015 é de 1.285.000 euros, sen incluír os investimentos xenéricos.

Entre os investimentos atópase a seguridade viaria na AC-214 e renovación de abastecementos Frais-A Mota, cun importe de 349.000 euros; a humanización da praza Miguel Ángel Blanco; a reposición do céspede do campo de fútbol Brexo-Lema, cunha consignación de 360.000 euros; a remodelación da Casa da Arrigada; a reforma da pista polideportiva de Santa M^a de Vigo, cunha dotación de 45.000 euros e subvencionada en parte por Deputación; a reforma de arquivos da Casa do Concello; a adquisición de marquesiñas; o vehículo para obras; a renovación de servizos e seguridade viaria na AC-214, que sería o investimento ao que se referiu o concelleiro de Obras e Servizos do Plan de aforro e investimento da Deputación; o palco de Meixigo; a senda peonil en Quintán, Cecebre; a rede de pluviais no polígono industrial do Temple; o acondicionamento de local para

despensa de alimentos; a reposición do céspede sintético do campo Dani Mallo, que se fará con achega municipal exclusivamente; e a reforma e reparación da piscina municipal da Barcala.

Di que eses son os investimentos e, unha vez explicado de forma xeral como se presenta o orzamento do 2015, e sendo conscientes de que se trouxo cun certo carácter de urxencia motivado pola necesidade de aprobar o Plan de aforro e investimento da Deputación, polo que non teñen ningún problema en pedir desculpas, piden o voto favorable, ou polo menos, o voto que permita aos veciños de Cambre aprobar ese novo orzamento para o ano 2015, que sen dúbida vai contribuír a mellorar a calidade de vida de todos os veciños.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, en primeiro lugar quere manifestar, como fixeron os outros voceiros que están instalados na oposición, a súa queixa máis rotunda polas formas que se tiveron dende o Goberno, e as que tivo o alcalde a título individual, á hora de convocar este pleno un día e a unha hora absolutamente inadecuada. Cando o Regulamento orgánico municipal, que é unha norma que todos se teñen dado e que ten que ser aplicada, recolle que os plenos se levarán a cabo en horario de tarde, o que non ten ningún sentido é que este pleno se convoque ás 13:00 horas, con comisións informativas ás 11:00, o que ten obrigado a compañeiros do seu grupo, e entende que tamén doutros, a ter que saír do seu traballo pedindo permiso nunha situación laboral que moitas veces é complicada e que non se tivo en conta por parte do Goberno municipal.

En canto ao documento que se lles presenta, e antes de entrar no seu contido, quere dicirlles que está redactado en clave de impedir a gran parte da Corporación a análise do seu contido. Están falando de aplicacións orzamentarias e códigos que cambian de denominación respecto de anos anteriores, partidas que desaparecen e se engloban noutras con denominacións xenéricas para evitar a súa identificación, en fin, todo un cúmulo de manobras para despistar aos lexítimos representantes dos veciños e converter a súa lectura nun exercicio de adiviñación.

Ao longo da lectura do estado de gastos proposto para o ano 2015 descubren como nada menos que nove partidas esconden os seus destinos, os seus fins reais, o seu obxecto real, baixo a denominación "outros traballos realizados", e outras sete partidas baixo a denominación "outros gastos diversos", en fin, todo un exercicio de prestidixitación que intenta esconder o que é unha triste realidade. Están ante os peores orzamentos que se teñen presentado na historia do concello.

A maiores, quere dicir que en ningún momento se ten manifestado vontade por parte do Goberno municipal de diálogo, de chegar a consenso co resto dos grupos na oposición, para que estes foran uns orzamentos adecuados á realidade do municipio, uns orzamentos para todos.

Dos dezaseis millóns sesenta mil euros que se tiñan orzamentado no ano 2014, pasan a un número estrañamente redondo de quince millóns cincocentos mil euros, nin quince millóns cincocentos mil un euros, nin quince millóns catrocentos noventa e nove mil novecentos noventa e nove. É un número redondo e, polo tanto, un número pintado para uns orzamentos pintados, para uns orzamentos que non se basean en base obxectiva ningunha, pero vai entrar a analízalos.

En canto a gastos, resulta preocupante que o Capítulo I, o capítulo destinado a financiar ao persoal, pase a representar do 35% no ano 2014, ao 37,2% no ano 2015, e iso a pesar de que se lles intentaba coar no cadro de persoal, e así se recolle tamén no anexo de persoal dos orzamentos, nada menos que 27 novos postos, en concreto 13 de policía local, 1 de protección civil, 7 de urbanismo, 4 da brigada de obras e 2 de servizos sociais, sen xustificación ou determinación de ningún estudo técnico que dera lugar a ver cales eran as necesidades reais do incremento do cadro de persoal. Incremento que, por outro lado, non podía levarse a cabo, toda vez que por decisión legal, por normativa, non se pode incrementar o cadro de persoal, tal e como todos saben.

Xa falando doutros criterios que se recollen nos orzamentos, desaparecen as partidas destinadas a facer fronte aos compromisos plenarios adquiridos por unanimidade nos plenos do ano 2012, e reiterados nos anos 2013 e 2014, en canto a dotar de seguridade viaria e sendas peonís, os tramos de Cela, Meixigo, San Lourenzo e A Rocha, e así tamén desaparecen os compromisos en canto ao saneamento en Andeiro e Sta. M^a de Vigo que tiñan dedicados unha pírrica cantidade de 20.000 euros cada un. Conxélase, así mesmo, a partida destinada á formación para o emprego, recollendo unha cantidade similar ao ano 2014, 61.000 euros. E, despois, o plan Cambre Emprende, que é unha das xoias da coroa do actual Goberno, pasa dos 120.000 euros que se tiñan orzamentado no ano 2014 a 70.000 para o presente exercicio. Tamén desaparece a partida que se tiña xerado como consecuencia dun compromiso plenario, por unanimidade, no pleno do 2012, de 5.000 euros destinados a poñer en marcha o plan de universalización de comedores escolares, outro compromiso plenario incumplido polo Goberno municipal.

A partida denominada “certames e festivais” que, tendo en conta a dificultade de analizar en profundidade o obxecto das partidas orzamentarias, cren que era a destinada a financiar con anterioridade o “Rock in Cambre”, baixa de 100.000 a 90.000 euros. Redúcese tamén a partida destinada á conservación da iluminación pública, de 291.000 a 270.000 euros.

E o máis preocupante é a pouca ambición que demostra o Goberno municipal con este documento orzamentario en materia de ingresos. A pesar do manifestado reiteradamente polo Sr. alcalde nas súas continuas intervencións en medios e reunións con veciños, en canto a que a revisión de valores catastrais, que afecta ao imposto de bens inmobles, non ía repercutir nun incremento da carga tributaria aos veciños por ese concepto, polo IBI, o Goberno municipal incrementa a recadación nun 12,08% respecto do ano 2014, pasando dunha previsión de recadación de 3.100.000 no ano 2014 a 3.480.000 euros no ano 2015.

Outro concepto orzamentario tamén moi unido a esta subida do IBI e que xa xera unhas expectativas de cal é a intención punitiva do Goberno municipal á hora de recadar este imposto, é o concepto denominado recadación por multas por infraccións tributarias, que pasa dunha recadación prevista no ano 2014 de 2.500 euros a unha previsión de 55.000 euros para o ano 2015. Evidentemente, que se atinxan ás consecuencias aqueles veciños que non estean ao corrente ou que non poidan pagar por diferentes razóns as súas cargas tributarias, IBI, vehículos ou demais no ano 2015, porque vai vir o Goberno municipal co recargo e a multa correspondente por esa infracción ou demora tributaria.

Prodúcese tamén unha baixada considerable de transferencias doutras administracións, neste caso transferencias correntes para gasto corrente ao concello por parte da Deputación, que pasan dos 334.000 euros que tiñan previsto recadar no ano 2014 a 150.000 no 2015.

Outro tema preocupante que veñen denunciando ao longo dos plenos extraordinarios que se teñen celebrado para a aprobación dos orzamentos municipais nos últimos anos, é a ausencia de calquera compromiso por parte da Xunta de Galicia para transferir capital, isto é, para transferir fondos para execución de obras. Xa no ano 2014 se orzamentaron 0 euros para ese concepto, isto é, da Xunta de Galicia non vén nin un só euro para a execución de obras municipais en Cambre, e neste ano faise tres cartos do mesmo, orzaméntanse 0 euros. Iso é máis grave se teñen en conta que anualmente o municipio de Cambre, polo imposto do canon da auga, transfire ao Goberno autonómico nada menos que ao redor de 400.000 euros anuais. En vez de ser a administración máis potente economicamente, financeiramente, a que subvencione á máis débil, é o Concello de Cambre, a administración máis débil, quen financia á Xunta de Galicia, algo absolutamente incomprensible.

Falando de investimentos, prodúcese unha baixada significativa da cantidade consignada neste concepto para os orzamentos do 2015, unha baixada nada menos dun 23,6%, pasándose do 1.680.000 euros consignados nos orzamentos do 2014 a 1.285.000 no ano 2015. Nese plan de investimentos que se lles presenta, o único investimento de certa entidade é a denominada instalación de céspede artificial no campo de fútbol do Brexo-



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Lema, cun investimento total estimado de 360.000 euros, 288.000 a financiar pola Deputación, máis 72.000 procedentes da petición municipal dun préstamo a unha entidade de crédito. El se pregunta, e o grupo socialista preguntase, que garantías pode presentar neste momento ao Brexo-Lema de que a Deputación vai achegar no ano 2015, 288.000 euros, a resposta é ningunha. Ningunha porque este é un obxectivo meramente electoralista sen fundamento ningún, de feito, o grupo socialista, vendo esta partida nos orzamentos, o día 11 de febreiro pasado presentou un documento por rexistro solicitando que o alcalde lles contestara cal era o compromiso real por parte da Deputación para facer fronte a ese financiamento de gran parte da obra de reposición do céspede no campo de fútbol Brexo-Lema, e tamén da reforma da pista polideportiva de Sta. M^a de Vigo, á que se presume que van achegar 36.000 euros. Pedíanlle que lles facilitara copia dos documentos, ben resolucións da Deputación, ben convenios que se teñan subscrito, que avalen ese financiamento que presume que vai achegar unha corporación provincial que, entre outras cousas, non saben se vai ser a mesma pasada o mes de maio e as eleccións municipais que terán lugar o día 24 dese mes.

Non se lles ten contestado porque, evidentemente, é un compromiso meramente verbal, que ao Sr. alcalde parece que lle xera todas as garantías, pero non a eles. O único que queren dicir é que entenden que xa está ben de enganar á xente co sambenito de que se non se aproban os orzamentos non se poden levar a cabo as obras comprometidas no plan de investimentos. Esta obra vaise levar a cabo e el sabe, e o Sr. alcalde debería saber, que aínda que non se aproben os orzamentos do 2015, os investimentos nel recollidos poderían levarse a cabo perfectamente cunha simple modificación dos orzamentos prorrogados do 2014.

Conclúe pedindo ao Sr. alcalde que consiga da Deputación, chegado o caso, e antes das eleccións municipais de maio de 2015, ese compromiso real e documentado de financiamento, nese caso os socialistas serán os primeiros en apoialo, mentres tanto, este documento non lles merece a menor credibilidade e o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que traen aquí uns orzamentos que lles teñen dado hai unha semana, tempo insuficiente para velos con detalle e, en ningún caso, se lles deu tampouco a oportunidade para participar neles. Tráenllos unha vez máis, como sempre, tarde. Están no mes de febreiro, a tres meses das eleccións municipais que traerán unha nova Corporación e un novo Goberno, e o Sr. alcalde pretende que ese novo Goberno governe cos seus orzamentos, quere deixar hipotecada a democracia e atado ao próximo Goberno municipal. Trátase, unha vez máis, dunha manobra indecente e inmoral.

Dille ao Sr. alcalde que para conseguir uns bos resultados fai falta facer xestión, unha boa xestión, cousa que el ao longo destes catro anos non ten feito, e téñenllo dito pleno tras pleno. Non poden falar dunha xestión brillante, ten hipotecado o centro para maiores do Temple, perdeu máis de 100.000 euros no seu Brincadeira, o que é peor, aínda non teñen cobrado os 100.000 euros que as empresas adebedan ao concello, ou polo menos, a eles non llelo teñen comunicado nos últimos escritos nos que solicitaron esa información, e é por iso polo que, grazas a unha moción que trouxo o grupo de UxC, aprobada no pleno, o Sr. alcalde está sendo investigado no xulgado polos seus contratos a dedo.

Dille que ten fracasado nas súas promesas electorais, que segue sen ter en conta nos orzamentos do 2015, como os aparcadoiros no Temple, Cambre e Barcala. Non realizou as beirarrúas prometidas en Sigrás, a pesar de que lles dixera que antes de final de ano verían en Sigrás as beirarrúas feitas, dille que se referiría ao outro ano, supón. Non realizou nin sequera os proxectos para a rede de sumidoiros que ten prometido en todo o termo municipal, non asfaltou os camiños que prometeu en todo o concello, lémbrale que hai pouco incluso llelo prometeu á asociación de Bribes, así como a rede de sumidoiros. Ten dilapidado o diñeiro público, volve dicirlle que dilapidado, entre os seus amiguiños.

Xa o teñen dito en anteriores plenos, contratos a dedo como o local sen uso na Barcala, o proxecto da Casa da Arrigada, ou os máis de 53.000 euros que ten dado a dedo a unha empresa de xardinería. Dille que deixa máis contratos en precario que cando se iniciou a lexislatura, contratos que seguro que se os xestionasen ben, poderían reportar grandes beneficios a este municipio.

Deixou de lado o Plan xeral de ordenación municipal, botándolle a culpa á empresa, o plan xeral, que todos saben que é o documento que pode carrexar diñeiro, financiamento, para as infraestruturas necesarias en Cambre, cando o único responsable é o Sr. alcalde, non é a empresa. Ten sido o único responsable da subida do Catastro en Cambre, por favorecer a un Goberno que llo pediu, sen importarlle a grave situación económica que están sufrindo. Mentiu repetidamente a este Pleno, lémbrale que dixo que non pagaba as axudas ao polígono industrial do Espírito Santo por non estar como asociación de empresarios, e o Sr. alcalde sabe que levan moitos anos con esa asociación.

Lémbrale que dixo que tiña mandado toda a documentación do Brincadeira ao fiscal, e como se ve no informe do fiscal ao xulgado, faltaban os documentos máis importantes, os informes de Intervención.

Por todo iso, dille ao Sr. Rivas que trae uns orzamentos inferiores aos do ano pasado. Non foi capaz en tres anos e medio de xerar riqueza no seu municipio, refírese a empresas que se instalaran en Cambre para xerar emprego e pagar impostos, claro que isto seguramente choca con outro gran cargo seu, presidente do polígono industrial de Sabón.

Presentan uns orzamentos dos que non vai entrar a falar en detalle, porque os ve indecentes. Non se baixan o 3,4% que lle baixan ao resto dos cambreses nos seus orzamentos, nin o teñen pensado, polo tanto, UxC quere que os orzamentos do 2015 os realice e xestione a vindeira Corporación, é por iso que o seu voto vai ser en contra.

Conclúe pedíndolle por favor ao Sr. alcalde que non siga pola senda da mentira, dicindo que non se van poder facer os proxectos, está de acordo con Augusto, pode facer unha modificación orzamentaria e aquí os terá a eles, co seu voto a prol, en todos aqueles proxectos que consensúe e que lles vexan que son bos para os veciños de Cambre.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que ela vai cambiar o ton un pouco, con todos os respectos para os seus compañeiros, porque cre que hoxe é un grandísimo día. Hoxe en Cambre están de en hora boa, hoxe é un día coas sombras coas que sempre os escurece e perturba o PP, pero tamén teñen grandes motivos de celebración. Hoxe, por fin, poden dicir que vai ser a última vez que o PP, que o Sr. Rivas e que a Sra. Vázquez Golpe, golpeen os seus recursos e os cartos de todos os veciños de Cambre.

Di que non lles poden dicir que perden a oportunidade de levar a cabo a fermosa encomenda de xestionar os recursos de todos e todas, deben dicir, para facer honor á realidade, que perderon, non unha, senón catro oportunidades, porque este é o cuarto orzamento sen pés nin cabeza que elaboran. Porque insisten no que veñen repetindo e hoxe escoitarán por última vez, que non lles caiba dúbida, porque estes orzamentos non lles satisfarían nin a eles mesmos no caso de que outro Goberno os presentara, eles mesmos votarían en contra. Non son realistas, non son ambiciosos, non están feitos para o pobo, son un ano tras outro os mesmos orzamentos, que caen nos mesmos erros, que fomentan a mesma política, e que lles van retumbar na conciencia moitos anos despois desta farsa de lexislatura, cando por fin se vaian dedicar cada un deles ás súas cousas, e agarda, polo ben de Cambre, que todo o lonxe da política municipal que sexa posible.

Polo ben de todos os veciños e a tres meses de que termine este suplicio de telos como gobernantes, di que lles pediría que se afasten da política, non valen para isto, non saben facelo, non lles sae ben, o fan mal. Tiveron a oportunidade de facer as cousas medianamente ben, e tomaron isto como un xogo e unha burla, e para eles



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

pode que o fora, pero non para os demais. Para os veciños, non; para as persoas que levan anos pasándoo mal non é unha burla; para os desempregados de longa duración, tampouco; para os pais de familia que non teñen recursos para os seus fillos, non; para as persoas maiores do concello, non; e tampouco para aqueles que perderon as súas casas polas garras dos bancos; para nada é unha burla para as persoas con diversidade funcional. Porque dille ao Sr. alcalde que todas estas persoas das que fala, e moitas que se lle esquecen, e moitas que non se mostran porque senten vergoña, viven aquí, en Cambre, e moitas delas confiaban plenamente en que o Sr. Rivas faría o posible por paliar os danos provocados polas políticas austericidas do Sr. Rajoy e do Sr. Feijoo, pero todo o contrario. Como se di coloquialmente, coa súa forma de gobernar queda demostrado que o can non come carne de can.

Resulta que canto máis arriba se está, máis dura é a caída, e nin o Sr. Rivas, nin ningún dos seus concelleiros, molestouse ao longo destes catro anos en observar a situación a ras de chan, seguiron na súa posición altiva e arrogante, dando por feito que agás eles, todo o resto son tan ineptos e parvos que non se dan conta do exercicio propagandístico que fan do traballo mal realizado. E non só en canto a este tema dos orzamentos, di que a páxina web do concello cada vez semella máis unha folla parroquial no que o realmente importante non aparece por ningún lado, e o que se fai é autopublicitar uns méritos que se outorgan eles mesmos e ninguén máis. Iso si, a información que verdadeiramente importa, esa non se colga. Pregunta por que motivo, a ver se lle poden explicar, non está colgado este documento que teñen hoxe aquí, por que non están colgados os orzamentos do 2015, por que as persoas que quixeron asistir hoxe a este pleno para saber en que se invisten os seus cartos, non teñen acceso público a este documento, coa mesma antelación que pode ter ela que, por outra parte, é bastante pouca.

Pídelle que non lle diga que non teñen capacidade para facelo, porque este documento está dixitalizado, téñeno todos en CD e poderíase ter colgado. E como o Sr. alcalde xa hai catro anos que non lle contesta a ningunha pregunta das que fai nas súas intervencións, vai contestar ela, xa está acostumada. En EU parece que son os tolos que preguntan e contestan, pero ben, ela contesta. Pregunta se saben por que non o colgan, pois porque iso suporía que aquelas persoas, que está convencida de que serían moitas, que lle botaran unha ollada a este documento, terían a capacidade para facer a súa propia interpretación dos orzamentos, e iso, para eles é moi perigoso. O maior inimigo da dereita son as persoas que pensan por si mesmas, de aí o empeño de Wert en dilapidar a educación. A ignorancia para o PP é a súa fonte de poder. O que prefiren, como xa se vén anunciando neste pleno, é asustar e amedrentar á xente e darlles interpretado e mastigado un documento que os veciños non teñen a posibilidade de consultar.

O que fan é explicar en que consiste este orzamento, en lugar de deixar que cada quen o lea libremente e saque as súas conclusións. Pero non, di que as conclusións as sacan eles, e as publican na web, cunha foto dos dous, nunha mesa dicindo o marabilloso que é o orzamento, o ben que lles vai vir a todos, o solidarios que son cos desfavorecidos e, ao mesmo tempo, e pola traseira, asustando á xente con mentiras de que é a oposición quen non aproba os orzamentos.

Continúalle dicindo que na folla parroquial dirán o que queiran, que para iso teñen unha persoa dedicada exclusivamente e colocada a dedo a enxalzar as virtudes do alcalde, e facer propaganda lonxe de calquera asomo de información obxectiva. Pero tanto dereito teñen dende o Goberno a facer unha interpretación falseada duns orzamentos continuistas e chapuceiros, como dereito ten a oposición a facer lectura do documento sen que ninguén llelo veña interpretar.

Continúa dicindo que nestes orzamentos si hai partidas ben dotadas, non teñen por que negalo, pero son unha serie de investimentos totalmente esqueléticos e asumibles por calquera que fora a Corporación que se atopara aquí sentada. Non merecen nin unha palmada no ombro, só faltaría que o mínimo, do mínimo, do mínimo, non se fixera.

O problema non está no que se fai, e o problema tampouco é o que non se pode facer, porque o que non se pode, non se pode, e ata aí chegan todos. O verdadeiro problema é o que se pode facer, o que se puido facer, e realmente nin se fixo, nin se estima que se faga. Todo o que se puido facer estaba nas mans do Goberno, e non quixeron facelo. E non o fixeron porque non lles deu a gana, porque nunca, e di nunca, quixeron falar co resto da Corporación, porque as persoas como eles non están en política por vocación, non lles tira o ben común, e non o di ela, o demostra a súa forma de actuar durante estes catro anos.

Pregunta que lle tería custado un, só un, dos catro exercicios, convocar aos concelleiros e facer uns orzamentos consensuados e participativos e falar cos veciños, por probar, simplemente por probar, pregunta que lles tería custado. Di que vai contestar outra vez ela mesma, porque como o Goberno non quere o ben común, porque son como Marisa, que ela o come e ela o guisa, chegan durante catro anos cun documento co que a maioría da poboación en Cambre non está conforme, porque aquí a oposición representa á maioría da veciñanza en Cambre, pide que non se esquezan. E lonxe de recoñecer que ao mellor o están facendo mal, non respectan á maioría e seguen traendo o mesmo cada ano.

Di que isto que están dicindo é moi grave, porque así como quen non quere, cada un dos membros do Goberno levou para casa un mínimo de 20 millóns de pesetas, 120.000 euros nestes catro anos, por traballar a media xornada, mal, que se fora ben, pero mal. E 20 millóns de pesetas é moito máis do que calquera persoa de a pé, calquera veciño, pode chegar a aforrar en toda a súa vida. Pide que non esquezan que xa no 2011 estaban en plena crise, e a primeira medida que tomaron neste concello foi subirse o soldo 5.000 euros por barba. Para iso si andaron finos, e aí si que tiveron tempo.

Pero aí non queda a cousa, hai moito máis. Este ano é un ano especial, por iso dicía que están de en hora boa, hai unha causa aínda máis poderosa que todo o que veñen sinalando, só que se lles viu tanto o plumeiro, pero tanto, tanto, que chega ao punto do esperpento. Cre que calquera persoa se deu conta da manobra torpe que tentan levar a cabo. Os concelleiros do PP xa están en campaña electoral, nunca lles importaron os orzamentos, pero este ano menos que nunca. O que pasa é que deberían facer que llelo miraran, porque ser tan torpes pode ser indicio de algo máis.

Presentan os orzamentos catro meses tarde, e o fan a propósito, para cabrear á oposición, porque si, os poderían ter presentado a tempo, son os mesmos que tiñan e podían telos traído. Non o fixeron a propósito. Entregan a documentación soamente unha semana antes da celebración do pleno, para cabrear á oposición, e a tiñan antes, pero a deixan ata o límite. Celebran o pleno en vésperas de festivo e pola mañá, con toda intención, para intentar que asista a menor cantidade de xente posible, non lles interesa que este pleno sexa moi concorrido.

E pode haber alguén que aínda se pregunta que gaña esta xente con todo isto, e volve contestar ela. O Goberno quere que non se aproben estes orzamentos, o fan mal a propósito porque queren culpar dentro de dous meses, nun abril, debaixo do globo aerostático, parroquia por parroquia e barrio por barrio, á oposición de que non puideron cumprir o seu programa, porque os grupos da oposición non os deixaron. Quérenlles botar a culpa de non cumprir as súas promesas.

Pregúntalle como vai xustificar diante de todos os veciños que estes catro anos foron os máis perdidos da historia de Cambre, se non son nin capaces de sacar a RPT adiante. Como van xustificar ante os veciños que non cumpriron as súas promesas, como aparcadoiro público, as piscinas cubertas, tres cre que eran, un ximnasio no Graxal, ampliar o Ramón Barba en 1.700 metros, subministracións de auga e saneamento en todas as parroquias, eliminación de barreiras arquitectónicas. Pregunta como vai explicar a ineptitude supina coa que tratou o Plan xeral cando debaixo do globo aerostático, é que iso lles chamou moito a atención, berraba o seu compromiso de sacar o plan adiante. Pregunta tamén como vai explicar cando un simple paseo polas rúas dos barrios e dos camiños das parroquias lles amosan unha situación moito peor que cando colleron o goberno. Di

que moi fácil, botándolle a culpa á oposición. Non se poden permitir que se lles vote a prol destes orzamentos, e o saben, porque terían que calar a boca ante quen llo reprochara. Dilles que levan feito todo o posible durante todo este tempo para que os grupos da oposición estiveran queimados e crispados.

Dende o principio tiveron dúas opcións, facer unha política e uns orzamentos participativos, non só cos grupos, senón tamén cos veciños e coa cidadanía, axustando os recursos dispoñibles, que saben os que son, e que sempre souberon os que eran, e levando a cabo unha política dialogante e creativa. E despois estaba a opción B, a que colleron eles, mentir, manipular e enganar. Irlle mentindo á xente dicindo que se os malos, moi malos, da oposición non aproban os orzamentos, será culpa deles que non se faga nada no concello.

Pregunta por que falan de emerxencia social. Por que aluden a unha subida mísera para unha partida que necesita ser completada con programas concretos, para paliar a situación que teñen, porque vaille quedar moi bonito nos mitins falar da emerxencia social.

Dito isto, di que merecerían que lles votaran a prol, só por chafarilles o plan, só por darlles o desgusto de non poder responsabilizar a outros das súas incompetencias, pero como EU non está aquí por figurar, están aquí por vocación, dálles exactamente igual a manipulación que vaian facer do sentido do seu voto, vanlles votar en contra duns orzamentos que tamén eles votarían en contra, como dicía antes. E despois disto, dilles que saian a chorar ás rúas e a intentar amedrentar á xente, e pide que lle permitan que se despida cunha frase de Abraham Lincoln que dicía: “pódese enganar a parte do pobo, parte do tempo, pero non se pode enganar a todo o pobo, todo o tempo.”

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que antes de comezar a súa intervención e en función do exposto aquí por diversos grupos da oposición, quería pedirlle ao Sr. interventor que lle aclarase se realmente, que se hoxe non aproban estes orzamentos, a través de diversas modificacións orzamentarias ou outros procedementos legais, poden acometer, por exemplo, parte dos investimentos que nel se contemplan.

Concedida a palabra ao Sr. interventor manifesta que hai unha serie de investimentos que se financian con determinados recursos. Evidentemente os que se financian con recursos afectos a subvencións, ou aqueles que se financian con recursos propios do concello, si que poderían trasladar mediante transferencias de crédito ou xeracións de crédito. O que non se pode acudir para financiar investimentos é a préstamos. O artigo 50 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais establece unhas condicións para acudir a préstamos, que é que teñan un orzamento aprobado, agás dúas excepcións, en operacións de Tesourería e naqueles casos do artigo 177 do texto refundido da Lei de facendas locais, que é para financiar investimentos que non se poidan deixar para outros exercicios, mediante suplementos de créditos ou xeración de créditos extraordinarios, iso é o que di a lei. É dicir, quedarían vetada a parte de crédito que se financiaría con préstamo, e a outra parte si se podería financiar mediante xeracións de créditos, aquelas que están vinculadas a subvencións ou tamén as que son recursos propios, nesas si que se poderían transferir créditos entre partidas de distintos grupos de función, ou no caso de que foran de distintas partidas, por Alcaldía ou polo Pleno, sempre e cando existira crédito para os investimentos.

Tamén quere dicir que o orzamento prorrogado é un orzamento á baixa, é dicir, o Real decreto 500/1990 o que di é que se prorrogarán todos os créditos, o orzamento de ingresos integramente e, o orzamento de gastos, estando de baixa aqueles programas que teñen finalizado noutros exercicios, é dicir, no orzamento prorrogado, os investimentos que estaban no orzamento do ano pasado déronse de baixa, é un orzamento minorado. Isto é o que di o artigo 22 do Real decreto 500/1990.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que en función da información que o Sr. interventor lle acaba de facilitar, cre que pode fundamentar máis polo miúdo o voto en contra do BNG a estes orzamentos.

Di que poderían entender dende unha lóxica extrapartidaria, é dicir, aplicando o sentido común mínimo, que un Goberno que goberna por primeira vez, que vai afrontar no mes de maio as súas primeiras eleccións no Goberno e que vai estar mal que ben ocupando a Alcaldía de Cambre como mínimo ata mediados de xuño do 2015, trouxera en tempo e forma, mes de novembro ou decembro, uns orzamentos a este pleno e que dixera que, aínda sabendo que só teñen garantida a estadia do equipo de goberno municipal ata mediados de ano, que veñen cos orzamentos en tempo e forma, dunha maneira participativa, aberta e achegada a recibir diversas suxestións, e que quixera entrar o 1 de xaneiro co orzamento aprobado para comezar a executalo.

Pero di que o Goberno non fai iso, estes non son uns orzamentos de eficiencia na xestión, non están en modo algún traendo aquí un documento en tempo e forma. Pasan por enriba de absolutamente todos os preceptos dos que se dotan á hora de organizar o funcionamento dun concello, para traer aquí unha escenografía pura e simplemente preelectoral, é dicir, o Goberno sabe de sobra que o posicionamento deste Pleno ía ser o de rexeitar os orzamentos, non se molestaron nin sequera en intentar dialogalos minimamente, e foron directamente a esa parte máis preelectoral de meterlle o medo a teóricos recepcionadores de boa parte dos investimentos, xa de por si cativos, co medo de que non superaran o lance, como parece ser que así vai ser, deste pleno municipal.

Son polo tanto, ao modo de ver do BNG, uns malos gobernantes, pero non porque sexan de dereitas e os do BNG sexan nacionalistas e da esquerda real e transformadora, que o son, senón porque eles, concelleiros do BNG, procuran ser e estar na política cun mínimo de sentido común, e cun mínimo de sentido común, caendo a que está caendo no conxunto do país, no conxunto de Galicia e nomeadamente nunha área metropolitana como a da Coruña, e nun concello como o de Cambre, non é de recibo que se orzamenten 411.000 euros para parques e xardíns. Cambre está gastando 50 euros/hora, máis de mil euros ao día en parques e xardíns, e despois din que aumentan un tanto por cento a emerxencia social. Loxicamente que se fan multitude de cuestións, moitas delas con boa fe, eles iso non o dubidan, pero hai un problema de credibilidade básica e fundamental.

Di que non poderán atender ao 100% da demanda de emerxencia social, ao 100% das necesidades de moita xente que está, como dicía a concelleira de EU, abocada ao desemprego, moitas veces de longa duración e con características estruturais, pero gastan 50 euros cada hora en parques e xardíns, que el ademais non os ve, porque el sabe, porque se preocupou de miralo, que hai outros concellos que gastan máis, pero teñen bastantes máis zonas verdes, e zonas verdes de calidade, de espaxamento e de lecer, cunhas características e cuns parámetros que non teñen aquí en Cambre, pero incluso dicir, e sirva a modo de anécdota, que a recente remodelación do Paraugas serviu para poñerlle céspede artificial á base do Paraugas e, aínda así, mil cento e pico euros ao día, 50 euros/hora, en parques e xardíns. Eles non poden votar a prol dunhas contas que traen ese gasto, sería total e absolutamente irresponsable pola súa parte.

Pero é máis, el non se quere nin estender, nin entrar en determinadas cuestións que en grande parte e medida xa tocaron o resto de grupos da oposición, pero si lle dirá unha cousa, o día 17 de xaneiro de 2014 o Sr. alcalde apalabrou coa Dirección Xeral de Transportes, coa súa delegación provincial na Coruña, coa empresa Asicasa, unha serie de, ben, charmarlle melloras realmente é unha falacia, de cambios nos horarios e nas liñas de transporte público no Concello de Cambre. O BNG ese día dixo na prensa que agardaba que eses cambios non supuxeran un incremento da subvención do Concello de Cambre ao transporte metropolitano, nomeadamente á empresa Asicasa. O día 29 de xaneiro tiveron un pleno e o BNG trouxo esta cuestión, e o Sr. alcalde tallantemente dixo que non habería un incremento na subvención a esa empresa que opera en réxime pouco menos que de monopolio, tendo en conta as súas estupendas relacións co poder principalmente autonómico, co PP. Pois ben, a subvención a Asicasa, que o Sr. alcalde dixo aquí neste pleno que non ía subir, no ano 2014 a orzamentaron en 130.000 euros e este ano a orzamentan en 160.000 euros.

Di que 160.000 son máis que 130.000, son concretamente 30.000 euros máis, como diría o outro 5 millóns das antigas pesetas que van directamente ao boche de Asicasa e que se detraen duns orzamentos do Concello de Cambre, do patrimonio público de todos os veciños, para uns señores que son uns auténticos piratas, que chulearon ata dicir basta ao Concello de Cambre, que deixaron á xente tirada nas marquesiñas, que levantaron liñas que non eran en stricto sensu deficitarias, todo para aumentar única e exclusivamente o seu negocio, e ademais o fan agora recortando liñas de concesión autonómica polas cales tributaban en réxime de concesión, aumentando puntualmente o servizo intramunicipal e aumentando a factura en 30.000 euros.

Explica que isto non o di Dani Carballada, non o di o BNG, quen o di é o documento contable, no ano 2014, Asicasa 130.000 euros, ano 2015, 160.000 euros. Son, polo tanto, uns orzamentos cheos todos de remates e de excusas de mal pagador, e son tamén as contas do gran capitán, porque o Goberno trouxo estes orzamentos aquí sabendo que non ían ser aprobados. Corresponderalle a esa teórica irresponsable oposición, así loxicamente o agardan algúns, executalos operando as modificacións oportunas, para que determinadas intervencións, nas que están total e absolutamente de acordo, poidan ser realizadas en tempo e forma.

Pero insiste, o BNG pode aprobar uns orzamentos que digan A ou B, pero o Sr. alcalde eticamente, despois do que dixo aquí no pleno de xaneiro, non pode aprobar uns orzamentos que faltan á súa propia palabra, porque aumenta a subvención nominativa e ad hoc a contribución que se fai vía convenio á empresa Asicasa. E non poden tampouco aprobar uns orzamentos que dedica, insiste, 50 euros/hora, 24 horas ao día, 365 días ao ano, para flores e xardíns. Iso, coa que está caendo aí fóra, coa situación social que teñen, é de todo punto inadmisibile.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que el vai manter o voto da comisión.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe expón que a estas alturas xa non pode sorprender a ninguén un novo non dos grupos da oposición aos orzamentos municipais. Como dixo na súa intervención anterior, os orzamentos do ano 2015 conteñen moitas actuacións que teñen sido demandadas polos propios veciños, como a renovación do céspede do Brexo-Lema, o palco de Meixigo ou as obras de seguridade viaria da AC-214, que ademais teñen sido obxecto de votación e debate nas sesións plenarias. Contén, ademais, partidas destinadas a subvencións nominativas que deberían ser aprobadas canto antes, para poder realizar os pagos e non paralizar de novo as actividades e servizos que se prestan aos veciños.

Dito todo isto, atópanse co paradoxal resultado dun documento orzamentario que a maioría dos veciños queren que se aprobe, pero a oposición non, e non queren que se aprobe porque a oposición está centrada agora mesmo nas eleccións municipais do 2015, e pretende que o grupo de goberno se deixe xa de realizar o seu traballo, de cumprir cos seus compromisos, e que se centre tamén con eles na cita electoral.

O que máis lle sorprende das manifestacións que aquí se teñen vertido, é o que dixo o concelleiro de UxC, Óscar García Patiño, que manifesta publicamente, e ademais faino no pleno, a posibilidade de que non se traia a pleno o orzamento do 2015 co argumento do vago, de que quedan 100 días para as eleccións municipais. Ela dende que ten escoitado esa afirmación non ten deixado de preguntarse se o dixo en serio ou o dixo en broma, porque se isto se di en serio, tras as eleccións de maio, governe quen governe, haberá que preparar un novo orzamento municipal, orzamento que non tería viabilidade para ser aprobado antes do mes de agosto. Teranse perdido, polo tanto, seis importantísimos meses para ir avanzando na execución de actuacións que hoxe son fundamentais e urxentes para os veciños. E como todos poden comprender, o grupo de goberno non está centrado, nin vai estalo, en ningunha cita electoral, porque este grupo de goberno cítase todos os días para cumprir cos seus compromisos cos veciños, cos seus erros e cos seus fallos, non o negan.

Tamén alude a oposición á falta de diálogo, e para responder a iso di que non teñen máis que remitirse ás negociacións coa oposición dos anteriores orzamentos, e cales teñen sido os seus resultados. Nin propostas, nin orzamentos, nin confianza, nin novo grupo de goberno.

Di que non os convocaron porque lle dixeron aos veciños en dúas ocasións que o alcalde non ten a súa confianza, polo tanto, moi difícil tería sido ese tipo de negociación. O documento do 2015 non se puido poñer en coñecemento da oposición ata hai unha semana, por estar en marcha unha negociación colectiva do persoal municipal, como todos saben, que atrasou esta aprobación plenaria. A urxencia na súa presentación responde, non obstante, á necesaria aprobación da subvención do PAI, que debe ir aparelada aos novos orzamentos deste exercicio, para que poida serlle concedida ao Concello de Cambre. E falan, nada máis e nada menos, que de máis de 300.000 euros de investimento e 82.000 euros para reducir a débeda pública.

Polo tanto, a oposición ten agora a obriga e o deber de explicarlle aos veciños por que non se aproba hoxe un orzamento que é vital para os seus intereses.

Respecto dalgunha afirmación que fai o grupo socialista sobre que non é regular, podería dicirse, a numeración, ou a forma na que se fai o orzamento do 2015, dille ao Sr. voceiro que lle parece unha total falta de respecto cara aos técnicos que elaboran o orzamento porque, evidentemente, os técnicos baséanse para facelo na orde xeral de contabilidade, polo tanto, é certo que o orzamento do ano anterior e os outros anteriores adoptaban outro criterio, pero ela cre que o interventor xa ten explicado nas comisións informativas por que este ano se modificou.

Tamén lle gustaría aclarar algunha afirmación que fai o Partido Socialista, sobre todo respecto dos gastos de persoal, iso de que se presentaban postos vacantes e non había un estudo técnico. Di que o estudo técnico, como dixeron nas comisións, non é preceptivo nin forma parte da documentación do orzamento, e nas comisións informativas téñense eliminado, co apoio de todos os grupos, eses postos vacantes. O documento que se vota agora mesmo xa non os contén.

En canto ás partidas de emprego, din que a subvención Cambre Emprende pasa de 120.000 euros a 70.000. Quere aclarar que é unha afirmación totalmente falsa, a partida que o ano pasado se consignaba con 120.000 euros comprendía 60.000 euros para a subvención Cambre Emprende e outros 60.000 que se destinaban a axudas á contratación, non para o programa Cambre Emprende, senón para outro programa diferente que non poden realizar, pese a que teñen moitas ganas de facelo, porque a lei de sustentabilidade quitoulles as competencias nese sentido.

O mesmo ocorre cos 5.000 euros que se dotaban para a universalización do servizo de comedor, que é unha competencia que xa non é municipal e que asumiu a Xunta de Galicia. Por outra banda, efectivamente o festival Rock in Cambre pasa de 100.000 euros a 90.000, porque é o que se veu investindo nos últimos festivais que, ademais, poden afirmar que non teñen saído nada mal.

Con respecto ao IBI din que o Goberno municipal incrementou a recadación, e ela dilles que a recadación nin se incrementa nin se deixa de incrementar ata que se liquida o orzamento. O que se fai no orzamento do 2015, no estado de ingresos, é unha estimación baseada nos criterios da recadación do ano anterior, e porque no 2014 non estaban recollidas as novas altas do IBI, nin tampouco estaban recollidas as revisións de oficio que fixo a Dirección Xeral do Catastro, en virtude das cales hai moitos veciños que non estaban dados de alta e que agora van ter que aboar os atrasos.

En canto ás multas, afirman que pasan de 2.500 euros a 55.000. Ela invitaría ao voceiro socialista a que revise de novo o estado de ingresos e verá como no orzamento do 2014 se consignaba unha cantidade de 100.000 euros para multas en xeral, nas que estaban incluídas as infraccións de circulación, as multas por infraccións

tributarias e as multas por infraccións de urbanización. En concreto pódelle dicir que respecto das multas por infraccións de circulación a partida do 2014 era de 85.000 euros, e a partida de 2015 é de 62.000.

En canto á emerxencia social, non só se aumenta a partida, senón que ademais se crean partidas complementarias, como son a despensa municipal de alimentos e a Cruz Vermella.

No que se refire á baixada dos investimentos, di que tampouco é un dato real, porque no orzamento do 2014 recollíanse os concretos investimentos e ademais recollíanse os investimentos xenéricos, e neste orzamento desagregáanse en investimentos de obras e servizos e investimentos xenéricos, polo tanto, se suman as dúas cantidades aproxímanse á cantidade que se orzamentaba o ano pasado.

Preguntan que garantía teñen da Deputación de que se poida realizar a obra de renovación do céspede do campo do Brexo-Lema, e respóndelles que as garantías son as mesmas que se achegaron para a renovación do campo do Dani Mallo. Por outra parte, pódelles dicir que no estado de ingresos todos e cada un dos ingresos se presumen, é dicir, presúmese tanto a subvención do Dani Mallo como se presume calquera dos ingresos que aparecen no estado de ingresos.

Dicirlle tamén ao grupo de UxC, que dixo que este grupo de goberno deixou de lado o Plan xeral, que esa afirmación é falsa e que está mentindo. O Sr. voceiro sabe de sobra que agora mesmo están pendentes de que se realicen os informes do documento de inicio, e tamén saben de boa tinta, porque así llelo ten comunicado a concelleira de Urbanismo, que nun prazo breve o terán a disposición de todos os grupos da Corporación.

Polo demais, dicían tamén que os orzamentos non están colgados na páxina web municipal, e di que evidentemente é así, posto que non están aprobados. Os veciños cando abren a páxina web o primeiro que teñen que ter é a seguridade de que o que aí está publicado, está aprobado polo Pleno, non unha mera conxectura nin un mero proxecto que aínda non ten sido nin sequera votado.

Conclúe dicindo que pola súa parte xa non ten nada máis que dicir, simplemente lamentar que por cuarto ano consecutivo os orzamentos municipais non se poidan executar en tempo e forma.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno dille á Sra. concelleira que o que non lle permite é que o deixe como mentireiro. Pídelle que colla o documento orzamentario do 2014 e verá o subconcepto 39.110 multas e infraccións tributarias cun orzamento inicial 2.500 euros. Pregunta se están de acordo. Está falando do que estaba consignado nos orzamentos do 2014, multas e infraccións tributarias por 2.500 euros, non se está confundindo coas multas de tráfico nin con outras multas, son infraccións tributarias por 2.500 euros. Este ano 55.000.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe explica que porque o ano pasado, vólvelle dicir, consignábase unha partida xenérica de 100.000 euros para multas en xeral.

Don Augusto Rey Moreno di que non é certo o que está dicindo e que, ademais, a partida xenérica de multas de tráfico, o subconcepto 39.120 era de 85.000 euros. Non había unha partida xenérica, había multas de tráfico e multas por infraccións tributarias, e pásase de 2.500 a 55.000, diga ela o que diga. Pero dille que non se vai ater a esa minucia e non van distraer aos veciños cun tema menor, ou menor para o Goberno, pero moi importante para os veciños cando vexan que non poden aboar as súas obrigas tributarias co concello e teñan un recargo que xa están orzamentando nada menos que en 55.000 euros.

A Sra. concelleira quéixase e di que para que ían dialogar coa oposición se xa os convocaran nos anos anteriores e nunca se chegou a ningún acordo, nin se fixo ningunha proposta por parte dos grupos da oposición. El lémbrale que o PSdeG-PSOE foi o único grupo grazas ao cal no ano 2012 os orzamentos saíron adiante no



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

pleno, e para iso o Goberno comprometeuse a uns pequenos compromisos, está falando duns 45.000 euros para a redacción de proxectos de saneamento en Sta. M^a de Vigo, Andeiro e tamén de seguridade viaria, sendas peonís en Meixigo e San Lourenzo, que non se teñen executado. Non se consignou un euro nestes orzamentos para poñer en marcha esas obras tan necesarias. Ten sido o Goberno o primeiro que incumpriu os seus compromisos, pregúntalle como lles poden pedir agora a eles que confíen para aprobar estes orzamentos. Di que baixo ningún concepto.

Teñen feito esforzos, que algunhas veces non foron ben entendidos, para que os orzamentos saíran adiante. No 2011 contaron co apoio socialista en forma de abstención, e a partir dese momento, ante eses incumprimentos, ante a súa incapacidade de diálogo, ante a súa incapacidade para cumprir cos seus compromisos, dixeron que non, que ata aí chegaran. Esa é a realidade, é a realidade que saben non soamente os membros da Corporación, senón todos os veciños.

A iso que dixo de que a maioría dos veciños queren que se aproben os orzamentos, el dille que a maioría dos veciños que están representados nesta Corporación, non están a prol destes orzamentos, porque eles son os seus lexítimos e legais representantes. Se o Goberno tivera feito uns orzamentos en clave de seriedade, de recoller as necesidades reais dos veciños e non uns orzamentos tramposos, que así hai que definilos, para saír do trámite e botarlle a culpa á oposición de que non se aproben, terían feito un esforzo que non fixeron. E nese sentido reitéralle á Sra. concelleira que as explicacións que está dando ante as manifestacións que el lle fixo son, por dicilo dalgunha forma, de mala pagadora.

O Partido Socialista está absolutamente orgulloso do que ten feito nesta lexislatura, e por certo, calquera obra, calquera investimento que veu doutra administración e que necesitou o apoio do grupo socialista, saíu. Non se perdeu nin un só euro para os veciños de Cambre, nin un só, a pesar de que en ningún momento o Goberno fixo o menor esforzo de diálogo ou de chegar a un acordo para esas obras. Nese sentido reitera que as manifestacións da Sra. concelleira o sorprenden e cre que non obedecen á realidade, polo menos no dato que el lle deu en canto ás multas tributarias, que ela, polo que ve, non percibiu.

Conclúe insistindo en que están orgullosos do seu labor ao longo destes anos, e cre que estes non son os orzamentos necesarios para que Cambre prospere no ano 2015 e nos seguintes, polo tanto, reiteran o seu voto negativo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que realmente faille graza, non sabe se está de broma ou non ao falar de paralizar os pagos a asociacións e actividades, iso e que no 2015 van ter eleccións en maio e ata agosto non se van poder aprobar os orzamentos fundamentais, palabras textuais, fundamentais e urxentes. Pregúntalle entón por que non teñen traído o orzamento en setembro ou outubro, pregunta se os culpables son os concelleiros da oposición. Pídelle que traballen e que o traian cando teñen que traelo, que non lle bote a culpa a el de algo que eles veñen facendo sistematicamente.

Ao da falta de diálogo dille que con UxC faloron dos primeiros orzamentos, e como sabían que lles ían votar en contra non volveron falar con eles e, dende logo, niso ten razón, o alcalde non ten a súa confianza, ten toda a razón do mundo. Dille que é o seu deber, porque os concelleiros da oposición son representantes dos veciños de Cambre. É deber do Goberno intentar chegar a acordos con eles, e é o dereito dos grupos da oposición darlles a súa confianza ou non, pero eles non o entenden así.

Tamén dixo a Sra. concelleira que van ter que explicar o seu voto, e por suposto, eles saen á rúa, constantemente saen á rúa a explicarlle aos veciños e veciñas o que eles entenden que é interesante para os intereses deses veciños de Cambre.

En canto a iso de que pronto terán o Plan xeral de ordenación, están mentindo. Dille que non, que UxC ten feito moitísimos escritos e ten traído aquí a pleno moitas preguntas, moitos rogos respecto do Plan xeral. Téñenlle dito ao Goberno, dende o minuto 1, que a empresa viña incumprindo sistematicamente o contrato, dende o primeiro minuto, e o Goberno ten ido cedendo, cedendo e cedendo, saíndo na prensa un día dicindo que van rescindir o contrato, e á semana seguinte que van dar cinco meses máis de prazo á empresa. Di que non lles chegaron eses cinco meses, senón que tardaron sete, e dende outubro o Goberno o ten no caixón. En outubro dixéronlles que se estaba encadernando, que llelo ían dar, e ultimamente dinlles que llelo van dar en febreiro, xa verán se llelo dan ou non. Se iso non é deixar de lado o Plan xeral, eles dirán.

A Sra. concelleira lamenta, e el tamén lamenta, que sexa o cuarto ano consecutivo que non poidan aprobar en tempo e forma os orzamentos, pero dille que algunha responsabilidade terán, que non vai ser todo a oposición, algunha responsabilidade terá o Goberno en todo isto.

Conclúe preguntándolle por que non lle fala de algo máis importante aos veciños de Cambre, en vez de meras especulacións e mentiras, como é o tema do Plan xeral e UxC. Téñeno dito varias veces e volven dicilo hoxe, preguntalle por que non lle din aos veciños de Cambre que perderon 100.000 euros no Brincadeira, e que lle deben ao concello 100.000 euros, son 200.000 euros, máis de 30 millóns de pesetas, que case se podía facer o campo do Lema con ese diñeiro se o Goberno tivera xestionado ben. Pero iso non lles interesa.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que respecto do que comentaba a Sra. concelleira na primeira das súas intervencións, que dicía que había un compromiso por parte do Goberno cos veciños para que se baixara o recibo da contribución, di que o verdadeiro compromiso adquiriuse no pleno desta Corporación no mes de novembro, cunha moción aprobada unanimemente, incluso cos votos do PP, pola que no mes de decembro a máis tardar, íase reunir a Comisión Informativa de Facenda para estudar a incidencia desa nova ponencia de valores en todas as ordenanzas fiscais, porque aos veciños non soamente lle cae no peto o IBI, senón que lle cae no peto en moitos outros impostos. Pero incluso co que o PP está de acordo, non cumpre. Ese era o verdadeiro compromiso e aínda están agardando. Desta oposición da que o Sr. alcalde di que non saen iniciativas, saíu esa iniciativa, e o PP apoiouna e ese é o real compromiso que ten esta Corporación, e os culpables de que non se cumpra non é a oposición, é o Goberno.

Ademais, di que é curioso como cando se fan as cousas de forma premeditada, cantan, e cantan de lonxe, porque a Sra. concelleira traía preparado o discurso para o voto en contra, seguro que non ten o folio de a prol e en contra, traíao perfectamente preparado e traíao perfectamente redactado, non confían nin nos seus orzamentos cando veñen con esa actitude de contestar ao que presupoñen que vai ser un voto negativo. Eles mesmos están recoñecendo que os seus orzamentos non son susceptibles de aprobación.

Dixo tamén a Sra. concelleira que non os convocan a reunións porque o alcalde non ten a súa confianza. É certo que en dúas ocasións perdeu a súa confianza, pero antes de que a perdera tampouco os convocaban. En canto a que a oposición ten obrigación de explicarlle aos veciños a súa actuación, dille que a explican constantemente, de feito os veciños entenden perfectamente a súa actuación, a que non entenden é a do Goberno, e cada vez menos. Son eles os que van ter moito que explicar, aínda non empezaron e agardan que agora expliquen todo xunto.

Respecto do tema da lei de sustentabilidade, que tamén ten saído, o de que lles quitan competencias, como se fora o coco, pregunta quen aprobou esa lei, de quen é esa lei, é do Partido Popular. Non é unha lei de EU, non é do Partido Socialista, non é de UxC, é do PP, e a Sra. concelleira di que lles quitan competencias. Ela dille que por favor, que de que están falando, e pide un pouco de seriedade.

Por outra parte, tan boas non serán as medidas de emprego cando en Cambre, ano tras ano, segue subindo de forma sistemática o desemprego. Vai ser que non, que a xente xa non está desempregada en Cambre, que traballan todos, é increíble, dille á concelleira que é increíble.

E o último, o tema de que non se publiquen os orzamentos na páxina web porque non están aprobados, iso é de vulgado de garda, ou sexa, que un veciño non pode consultar o documento máis importante deste concello, non o pode consultar previamente ao seu debate e aprobación polo pleno. Pregunta se lle pode explicar entón por que sae o Sr. Rivas co Sr. Anido, chocando as cinco, nunha noticia dicindo que solicitan un obradoiro. Tamén iso é unha solicitude, tampouco está formalizada, tampouco está concedido ese obradoiro de emprego. É unha solicitude de firma dun convenio, non está formalizado nin finalizado, e pregunta por que motivo iso si. É porque iso propagandística e electoralmente dálle rendemento, e o contrario non.

Insiste en que os orzamentos non os publican non porque non poidan, non porque non teñan operatividade, non porque non exista o mecanismo para facelo, senón porque non queren que a xente os consulte, e punto. É a súa forma de facer política, non é outra, e o saben e danse conta, e a xente que accede á páxina web o sabe e dáse conta, e esa xente ao mellor lles pide aos concelleiros da oposición os orzamentos e non hai ningún problema, páranse a entregárllelos, non hai problema, pero non teñen nin os medios operativos nin a responsabilidade política de ter que facelo, a responsabilidade quen a ten é o Goberno. Falan moito de transparencia e falan de participación, falan moito de participación durante a anterior campaña electoral, e seguramente nesta tamén, e por iso lles pide que deixen que a xente participe.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que moi brevemente, porque está visto que, en fin, o seu destino nesta Corporación é realizar soliloquios que nunca serán respondidos polo equipo de goberno, non sabe se é directamente por menosprezo ideolóxico, por incompetencia ou por incomparecencia, pero en fin, dille á Sra. concelleira que non se preocupe nin en rebater. E dille que mira que hai maneiras, incluso perralleiras, de rebater a cuestión dos 130.160 euros que lle regalan a Asicasa, pero isto retrátaos como un Goberno total e absolutamente derrotado. Podía acudir a concelleira ao que realmente se executou no ano 2014, pero non, obvia a presenza del e a súa intervención no pleno de maneira total e absolutamente deliberada, non entra tampouco a valorar o estado das contratacións en parques e xardíns, e ben, así están, neste val de lágrimas ata o mes de maio, que terán que levar da mellor maneira posible cunha concelleira tan incompetente como ela.

Porque de verdade lle di, el cre que o menos que merece un representante, neste caso da oposición, cando fai unha crítica a un Goberno, é unha resposta, sexa A, sexa B, sexa mala, pero ben, ela directamente o ningunea e fai mutis polo foro. A el loxicamente parécelle mal, como non pode ser doutra maneira, porque el está aquí, mal que ben, representando a 800 e pico veciños de Cambre que deron o seu voto e a súa confianza ao BNG.

Xa dixo que son uns orzamentos que son un fiel retrato do equipo de goberno que os trae a pleno, total e absolutamente derrotado, total e absolutamente extemporáneos na súa presentación, e en multitude de aspectos que neles relatan. El si os convidaría a que fixeran un percorrido polas parroquias e explicaran, conforme coa intervención que fixo neste pleno o Sr. interventor, a realidade que pasa cuns orzamentos cando non son aprobados e son prorrogados os do ano anterior, porque cre que iso sempre é máis transparente e máis efectivo, e máis pedagóxico que andar chamando soto voce a determinados representantes de asociacións do Concello de Cambre para intentar meterlles o medo no corpo.

De momento, aínda que por veces o poida parecer, dende logo no BNG parvos de todo non son, e non están aquí para votar en contra dos intereses dos veciños, están, na medida do posible, para botalos a eles deste Goberno municipal, porque insisten en que son o retrato da incompetencia máis absoluta.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD, manifesta que só quere aclararlle ao voceiro do grupo socialista o tema que lle afecta a súa Concellería de Obras en canto aos saneamentos en Sta. M^a de Vigo e Andeiro. Efectivamente había ese compromiso, e os proxectos fixéronse, ningún outro goberno anterior tiña feito absolutamente nada. Fixéronse eses proxectos, pero houbo que rectificalos o ano pasado, porque se cambiou a situación da depuradora que se ía poñer en Andeiro, íase meter un bombeo abaixo do pazo de Brexo-Lema, un bombeo para arriba.

Xa fixeran xestións e tiñan chegado a un acordo co propietario dun terreo para compralo para colocar a depuradora, pero houbo problemas despois para botar eses residuos saneados ao regato, había problemas e cambiouse. Agora estase traballando con Fomento para a cesión dun terreo da autoestrada co fin de situar alí esa depuradora, que posiblemente lles sirva tamén para depurar en Sta. M^a de Vigo, poñendo un bombeo no Tuiño. Tiñan negociado cun propietario dun terreo alí en Tuiño para poñer a depuradora, pero hai unha oposición total e absoluta do veciño que vive alí para que lla poñan preto da casa, polo tanto, chegaron a un prezo, a un acordo co propietario dun terreo alí preto, e posiblemente haberá que poñer un bombeo, por iso están facendo as xestións con Fomento para colocar unha depuradora posiblemente para as dúas parroquias.

Polo tanto, pide que non digan que non se fixo nada desas cousas, porque iso é mentira. As cousas levan o seu tempo, pero están os proxectos feitos e estanse facendo xestións, aínda estivo hai uns días con técnicos de Fomento vendo a localización da posible depuradora. Télienlle solicitado a Fomento a cesión deses terreos. Teñen que facer o plan de reversión cos antigos propietarios. Están traballando no tema. Dicir que non se fixo nada polos saneamentos das dúas parroquias, a el amólalle, porque leva traballado o seu nestes catro anos para ter eses documentos feitos, e feito xestións para comezar as obras canto antes. De momento están con iso.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que, antes de pasar á votación, e no que respecta a certo tipo de acusacións que se fixeron por algúns dos grupos, el vai empezar polo Partido Socialista. Din que fixeron un orzamento con números redondos, pregúntalles dende cando se fan uns orzamentos aquilatados. O ano pasado foron 16.060.000, este ano 15.500.000. Pregunta se un orzamento ten que ir coma 98. Xa o di a propia palabra, é un orzamento, e hai moitas cousas que se orzamentan e logo, por distintas cuestións, non se poden facer. Non entende por que lles choca que o orzamento sexa 15.500.000, non o entende.

Despois a maneira de tratar o tema. Dixeron que lles trataban de coar vinte e sete prazas no capítulo de persoal. Xa admitiron nas comisións que iso foi un erro, non tratan de coar nada, simplemente foi ao transcribir do ordenador esas vinte e sete prazas, foi un erro, aquí ninguén trata de coar absolutamente nada. Ese erro corrixiuse, tróuxose o novo listado e déuselles a todos. Dicir que se trata de coar algo, ao público presente pódelle interesar, pero a verdade é que iso é mentira. Reitera que eles non trataron de coar nada.

Despois fala o voceiro socialista, que xa o dixo o Sr. Marante, do saneamento de Andeiro e Sta. M^a de Vigo, e di que se aprobou no pleno a redacción dos proxectos. Dille que ten razón, foi aprobada en pleno a redacción dos proxectos, a unha petición do Partido Socialista, e el mesmo lle contestou tamén nun pleno que eses proxectos estaban feitos, e que agora estaban tratando de buscar a localización para as depuradoras nos dous casos, foi no ano 2013, non lembra exactamente a data do pleno, senón tamén lla diría.

Despois refírese á pouca ambición no capítulo de ingresos, din que son un grupo de goberno que ten pouca ambición no capítulo de ingresos, e inmediatamente critica o tema do IBI e as multas por reclamacións tributarias. El xa o dixo aquí, por moito que lle queiran chamar catastrazo, dixo aquí que o recibo da contribución, o IBI do ano 2015, no 95% dos casos baixa. A partida mantense porque se levantaron máis de 600 persoas ou propiedades que non estaban pagando ese IBI, senón a recadación do concello sería bastante menor.

Tamén dixo o voceiro que hai unha baixada importante das achegas das administracións periféricas, chámese Xunta de Galicia. Di que el cre que os capítulos da Xunta non se reflicten no orzamento municipal, tanto é así que

ás veces hai obras, como os 300.000 euros para o polígono de Espírito Santo. E aquí está o Sr. Marante, que é o que ao final as executa, máis a estrada que vai por todo o polígono pagada pola Consellería de Industria, e non se vai referir a outra serie de participacións que ten a Xunta noutras xestións, como é Servizos Sociais, fomento de emprego, obradoiros, etc.

Tampouco se vai referir, loxicamente, á obra da Xira, que parece ser que non se ve a obra por ningún sitio, e posiblemente teñan os concelleiros razón en que a Xunta tardou de máis en redactar o proxecto, pero o proxecto xa está en mans da Xunta por importe de 1.100.000 euros, para facer as beirarrúas na Xira, e facer todo iso. Pero iso eles non o poden reflectir nos orzamentos, como é de recibo.

Tamén pide o Sr. voceiro garantías da concesión da Deputación dunha subvención nominativa para o cambio do céspede do Brexo-Lema. Dille ao Sr. Rey que el foi deputado, cun presidente que era do seu propio partido, Salvador Fernández Moreda, e preguntalle como se daban as subvencións nominativas, se as daban cun papel. As subvencións nominativas para este ano 2015 pódelle dicir, tamén el como deputado, que ata o mes de marzo non saen, preguntalle se lle vai pedir ao presidente que lle dea un papel por anticipado. Di que el ten a palabra do presidente da Deputación de que esa subvención para cambiar o céspede do Brexo-Lema vai ser efectiva. Ao mellor o Sr. Rey ten razón e mañá non están na Deputación, tamén mañá pode caer un meteorito e afundirse o mundo, pero vale.

Dixo tamén que son uns orzamentos tramposos, e coincidiu co Sr. Carballada en que lle acusan de pregoar que se non se aproban os orzamentos vaise acabar o mundo. Di que el non pregoou absolutamente nada, e se ten probas de que lle dixo a alguén ou que chamou a algunha asociación ou a algún presidente de asociación por teléfono para dicirlle que se non aprobaban os orzamentos non se ía facer a obra, pide que llo diga, porque entón lévao ao xulgado. E dillo tamén ao Sr. Carballada, porque foi o que dixo que chamara a presidentes de asociacións para falarlles deste tema.

Reitera que non chamou a ninguén e quere que quede constancia aquí de que non chamou a ningún presidente de ningunha asociación sobre o tema dos orzamentos, a ningún.

Sobre o tema do Plan xeral que sacou a relucir o grupo de UxC, ten razón, o deber de calquera gobernante é tratar de chegar a acordos, sexa co Plan xeral, sexa cos orzamentos ou sexa co que sexa. Pero exceptuando os orzamentos do ano 2012, aprobados coa abstención do Partido Socialista, en ningún outro momento poden dicir que el, como alcalde, non lles dera un mes antes o documento dos orzamentos para que presentaran alternativas, modificacións, alegacións, ou que lle dixeran que iso non estaba ben. Pide que o digan aquí. E non presentaron ningunha, un mes antes, co cal tivo que someterse a unha moción de confianza, que perdeu, e a unha posible moción de censura que eles non foron capaces de presentar, e acúsano a el de falta de consenso, cando reunidos os catro ou cinco con maioría absoluta non foron capaces de chegar a un consenso para botalo da Alcaldía, e críticano a el. E non fartos con iso, o segundo ano, o que foi do 2013 ao 2014, fixeron exactamente o mesmo, e están acusándoo a el de non chegar a acordos.

Fixo tamén mención o voceiro de UxC dunha cousa que lle resultou chocante, porque dixo que aos señores do polígono de Espírito Santo non lles daban a subvención e que tiña mentido, dixo claramente que mentiu. Dille ao Sr. García Patiño que non, que non se equivoque, que el non mentiu. Aquí pagábase unha subvención á comunidade de propietarios, e xa o dixo nun pleno, comunidade de propietarios, non dixo que non estiveran constituídos como asociación, tamén están constituídos como asociación, pero no concello non se rexistraron como tal, están rexistrados como comunidade de propietarios. El falou co Sr. presidente da asociación e díxolle que no momento en que estiveran rexistrados como asociación de empresarios, non tiña ningún problema, e que por iso mantíña a subvención nos orzamentos, e segue a mantela.

Continúa dicíndolle que non lle vai falar das modificacións orzamentarias á creación de emprego, porque o Sr. García Patiño sabe máis diso que el, porque ten unha deformación e pide que lle permita que llo diga claramente. Pensa que se os cartos, os billetes, os pon a Xunta de Galicia, van para un lado, se os pon Deputación van para outro, e se son do Concello de Cambre van para outro. El xa llo dixo un día aquí e volve dicirlllo, os cartos non teñen nome. Se a el a Deputación lle dá unha subvención para facer unha obra e a ten que facer nunha estrada da Xunta, faina nunha estrada da Xunta, porque se a Xunta xa lle dixo que non tiña cartos para facela, entón será mellor facer a obra que non facela. Esa é a súa opinión, e como se fora ao revés, porque ao fin e ao cabo os impostos son de todos os veciños de Cambre, e dá igual, os cartos non teñen nome, estes da Xunta, estes da Deputación ou estes do concello.

En canto á Sra. concelleira de EU díxolle que os orzamentos eran unha pura burla, que as políticas austericidas de Rajoy, de Feijoo, etc., e dixo ademais varias veces que traían os orzamentos para cabrear á oposición. Pregúntalle se a ela lle parece que unha persoa razoable, que teña dous dedos de fronte, pode traer os orzamentos para cabrear á oposición ou con fins electorais. E ademais, que os traen para que a oposición vote en contra. Di que se eles pensan iso, que o amolen e que os voten a prol, el invítaos a que voten a prol dos orzamentos. Iso de que os traen aquí para cabrear á oposición, non señor, e iso de que xa saben que os van perder, dilles que non, que os voten a prol. El non berra debaixo de ningún globo aerostático, o Goberno quere que se aproben os orzamentos, por iso os traen, tarde, si, é verdade que tarde, pero tamén hai que ter en conta que no ano 2014 tiveron que aprobalos en xuño.

Pero é igual, o orzamento está feito para traelo a este pleno no mes de decembro, o que ocorre é que querían tamén traer con el a RPT. Agardaron dous meses, ou mes e medio, os tres sindicatos non chegaron a un acordo e entón tiveron que retirar a RPT e traer os orzamentos, porque teñen que aprobar a obra do PAI, e xa llo dixo o Sr. interventor hai un momento ao Sr. Carballada, o PAI, el non é por asustar a ninguén, pero pode perigar se non teñen o orzamento aprobado. Insiste en que el non quere asustar a ninguén porque non se asusta a ninguén, é a realidade, son as bases da Deputación Provincial da Coruña, e el ten que aterse ás bases da Deputación.

Continúa dicindo que o Sr. Carballada fixo unha pregunta capciosa nese sentido. Refírese á subvención que o concello lle está dando aos señores de Asicasa, dixo subvención.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que ou achega que fai o Concello de Cambre ao transporte metropolitano.

O Sr. alcalde dille que vale, que a achega que fai o Concello de Cambre ao transporte metropolitano. Dille que sabe que el ese convenio non o asinou, pero el ten que manter esa achega porque hai ese convenio asinado, e ata que ese convenio finalice, el ten que cumprilo. É certo que pode demandalo, tamén é verdade, e quedarse sen transporte e que a Xunta faga o que queira, pero el cre que hai que respectar os convenios asinados, aínda que sexa por outros alcaldes, e el iso respéctao.

Explica que aumentaron a partida por unha sinxela razón, porque se supostamente os orzamentos se aprobaran, estaba contemplado aumentar en varios quilómetros a traxectoria do minibús, por iso o puxeron e por iso se chaman orzamentos. Se lle poñen a mesma cantidade que o ano pasado e logo lle din a Asicasa que lles ten que aumentar iso, Asicasa vaille dicir que iso vai custar tanto máis. Por exemplo, algo que todos teñen demandado e que está na súa parroquia, que é o servizo á Mota, e que lle está custando moito sacar adiante, pero moito. En todo caso, el non lle dá ningunha subvención, é un convenio asinado con Asicasa.

Conclúe dicindo que eles viñeron aquí cunha idea preconcebida de que traen os orzamentos a este pleno para que sexan rexeitados, que iso é o que o Goberno quere, e el simplemente os invita a que se iso é así e é o que pensan, que amolen a este Goberno e que os voten a prol, e así os veciños terán as obras que están previstas neses orzamentos.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, pregunta por unha cuestión de orde se o Regulamento orgánico municipal contempla que o Sr. alcalde teña que botarlles este sermón e que termine el.

O Sr. alcalde contesta que si, que si o contempla, iso cre, e se non ten aquí á secretaria para preguntarllo.

Don José Manuel Lemos Seoane dille que cre que non.

O Sr. alcalde manifesta que o Goberno foi quen presentou os orzamentos, en calquera moción hai dúas quendas de alternancia, e pecha o que presenta a moción, el iso respéctao sempre.

Don Augusto Rey Moreno dille que ten feito unhas manifestacións que van máis aló diso e entende que ten que darlles unha quenda de réplica, porque nalgunhas cousas tense equivocado ou directamente non ten entendido ben o que se lle estaba dicindo.

O Sr. alcalde responde que tamén o Sr. voceiro fixo unhas manifestacións na súa quenda, e el calou ata que tivo a oportunidade de falar. Dado que tiña que intervir a súa concelleira, a súa concelleira deulle a súa quenda para responder, deulle o peche a el, e el é o que pecha.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que o Sr. alcalde pode chamar mentireiros aos demais e eles non poden rebatelo no que está dicindo, polo artigo 33.

O Sr. alcalde dille que o perdoe, que el simplemente rebateu que o Sr. García Patiño o teña chamado a el mentireiro.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que llo segue chamando, e que o alcalde a el non o deixa intervir, esa é a diferenza, a democracia que entende o alcalde.

O Sr. alcalde manifesta que os Sres. concelleiros aprobaron un Regulamento orgánico municipal e logo o respectan segundo queren, así de claro.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por once votos en contra, rexeitou a proposta de aprobación dos Orzamentos xerais e cadro de persoal para o exercicio 2015.

O Sr. alcalde manifesta que quedan reprobados os orzamentos xerais para o ano 2015.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dille que quedan rexeitados, reprobados non, rexeitados, que cambia a cuestión, o matiz é distinto.

O Sr. alcalde dille que perdoe, que rexeitados, non sabe se está ben dito, pero reprobados tamén pode ser, el utiliza o dicionario da Real Academia Española, ou da Galega.

3º Aprobación, se procede, da participación do Concello de Cambre no “Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015” da Deputación Provincial da Coruña

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos de data 16 de febreiro de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo do día 16 de febreiro de 2015.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que en congruencia co que teñen manifestado no anterior punto, cando se aprobou a obra que se vai incorporar a este programa, tendo en conta que non se lles ten dado participación á hora de opinar sobre a idoneidade desta obra e como se ía executar, ou calquera outra, o seu voto vai ser de abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que como é un plan de aforro e investimento da Deputación, e como o Sr. alcalde dixo que os cartos non teñen nome, el vaille dicir que cada unha das administracións teñen as súas competencias, e el, como alcalde, ten a obriga de defender os intereses dos veciños de Cambre, nin da Deputación, nin da Xunta de Galicia. Di que claro que na Deputación e na Xunta de Galicia eses cartos saen tamén de todos os veciños de Cambre, por suposto que si, pero eles teñen que acometer unha serie de competencias que non teñen que facer os veciños de Cambre, e iso é o que o Sr. alcalde non defendeu nin defende, porque sempre se prega aos intereses que lle veñen de arriba, sexa de Diego Calvo ou sexa da Xunta de Galicia, dá exactamente igual.

Di que eles, neste caso, como aprobaron o proxecto tamén van aprobar isto, aínda que o Sr. alcalde debería ter pelexado moito para que fora a Xunta de Galicia a que fixera a obra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo, en consonancia co que votaron anteriormente na comisión, van aprobalo, pero non sen deixar de reprochar o que xa dixeron na comisión, que o Concello de Cambre, este Goberno, esta Corporación, non vai ter a capacidade de investimento no futuro, porque este é un préstamo que hai que devolver á Deputación. Non obstante, como son conscientes da necesidade deste tipo de obras, van votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que eles, como representantes dunha oposición obstrucionista, demagoga e que se nega a dialogar e a chegar a acordos, van votar a prol da proposta do equipo de goberno.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE.

A Corporación, por quince votos a prol, acordou:

Primeiro: Participar no “Plan de aforro e investimento (PAI) 2015” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento:

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRESTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORIZACIÓN DA DÉBEDA
BANCO PASTOR	0238-8125 0430000166	82.475,48 €
	TOTAL	82.475,48 €

B) Investimentos financeiramente sostibles

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Renovación de redes de servizos e seguridade viaria en AC-214 tramos p.k. 4+100 ao 4+430 marxe esquerda e do 6+100 ao 6+270 marxe dereita, Cambre	222.896,74 €	0€	222.896,74 €
TOTAL	222.896,74 €	0€	222.896,74 €

Aprobar o correspondente proxecto técnico

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
A) Redución de endebedamento	82.475,48 €
B) Investimentos financeiramente sostibles	222.896,74
TOTAL	305.372,22 €

Segundo: Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras

Terceiro: Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

Cuarto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Quinto: Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Manuel Rivas Caridad

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia